

**CENTROS DE ATENCIÓN**

**Santiago de Compostela**

Rúa Dublin, nº 3, baixo  
15707 Santiago de Compostela  
A Coruña  
T 673 101 996 - 981 574 230

**Vigo**

Rúa Teixugueiras, nº 15, baixo  
36212 Navia - Vigo  
T 607 20 40 39 - 986 281 893

www.cogami.gal



**NEURORREHABILITACIÓN**  
infantil e adulta

Promovemos o traballo en equipo dende diferentes disciplinas para poder realizar unha abordaxe integral da persoa.



**ABORDAXE INTEGRAL DA PERSOA**

Somos un equipo multidisciplinar especializado na intervención en persoas con discapacidade.

As/os distintos profesionais valoran, dende a súa área, e poñen en común obxectivos e propostas para levar a cabo un tratamento o máis completo posible.

Tras un dano neurolóxico, son moitas as áreas a nivel cerebral que se verán afectadas. Por iso, realizamos unha valoración global previa, marcando obxectivos reais e factibles para, posteriormente, afrontar un tratamento o máis especializado posible.

Ademais, temos moi en conta a importancia da familia no proceso de adaptación á nova situación da persoa. Por esta razón ofrecemos asesoramento individualizado e personalizado, realizando unha análise da contorna e das adaptacións que se poidan realizar cara ao acompañamento da persoa a súa familia.

**SERVIZOS**

**Fisioterapia Neurolóxica**

Dende un enfoque centrado na persoa, promovemos as súas capacidades e **habilitamos ao máximo a funcionalidade**. Empregamos distintas técnicas (**Concepto Bobath, Terapia Vojta, Método Perfetti**, entre outras) para conseguir melloras.

**Terapia manual**

Orientada ao tratamento de doenzas de tipo músculo-esquelético e ósteo-articular, procesos dolorosos agudos e crónicos coa finalidade de **restituir as funcións**.

**Terapia ocupacional**

Dende o *enfoque e modelo canadense de intervención*, buscamos centrar a intervención na persoa e en todas as áreas do desempeño ocupacional que a constitúen. O terapeuta ocupacional, promove a independencia e a **máxima autonomía na vida diaria das persoas tras un dano neurolóxico**. Intervén tanto a nivel físico, social ou cognitivo na procura da reinserción e a recuperación da persoa.

**Intervención en pediatría e atención temperá**

Atendemos de forma integral a nenos e nenos que presentan algunha discapacidade, dificultade ou alteración no seu desenvolvemento, a través da fisioterapia, rehabilitación na linguaxe ou terapia ocupacional. **Orientada a nenos/os e lactantes con alteracións de tipo motórico, sensorial e ortopédico**. PBO, torticolis conxénita, prematuridade, síndrome de parálise cerebral infantil, etc.

• **Concepto Bobath**. Baseado en conceptos de control motor, aprendizaxe motor, plasticidade neural e muscular.

• **Terapia Vojta**. Estimulación de puntos reflexos que desencadean respostas motoras innatas para promover o movemento e a recuperación funcional da nena/o.

• **Integración sensorial**. Orientada a nenos e nenos con dificultades no procesamento sensorial. Con este tipo de intervención incidimos no Sistema Nervioso Central para procesar a información coa intensidade axeitada dos estímulos que reciben do seu corpo e contorna.